

VIEIROS

Edición xeral

Un manual imprescindible

No 1990 o profesor e investigador Xosé Ramón Pena publicaba *Literatura galega medieval. I. A Historia*. A aquela primeira edición —que rapidamente gozou de reedicións revisadas e postas o día— sucédea agora unha nova Historia da literatura medieval galego-portuguesa (Santiago, Sotelo Blanco, 2002), valioso volume que segue o espírito daquel primeiro manual, por máis que a letra sexa esta volta moi outra.

- 09:05 22/01/2003

É ben certo que a materia tratada é, no básico, a mesma. Sen embargo, o afán didáctico e maiormente divulgativo daquel texto viuse desprazado na presente historia por unha reescrita densificadora que fai da obra un material eminentemente para especialistas ou, alomenos, para lectores moi familiarizados cos asuntos dos que esta se ocupa.

Neste sentido e detallando xa os cambios operados, imponse salientar para esta nova entrega o avance substancial que supón a adición dos tres capítulos iniciais (“O marco lingüístico-cultural: o espacio galego-portugués”, “A Galicia medieval (I): as coordenadas histórico-políticas” e “O lirismo trobadoresco (I): o espacio cronolóxico, xeográfico e social”), que na primeira versión se reducían a escasos parágrafos contextualizadores ó comezo dalgúns epígrafes. Mais tamén hai que destacar os cambios efectuados e as engádegas feitas nos restantes trece capítulos, todos eles grandemente revisados, moi ampliados, enriquecidos cunha importante cantidade de contribucións bibliográficas, puntualmente actualizados co acrecentamento das últimas descubertas textuais e analíticas sobre da materia e, en definitiva, moi mellorados respecto da máis panorámica redacción orixinaria.

Daquela, o lector que se anime a mergullarse nas súas páxinas descubrirá non só un moi recomendable manual de consulta xeral, senón tamén unha acabada monografía investigadora que saciará con seguranza os máis esixentes padais. Non en van neste libro foron engadándose as descubertas do Pergamiño Sharrer (mediados de 1990), as reconstrucións da tradición textual dos manuscritos medievais, as análises recentes de múltiples estudiosos sobre as cantigas de amigo, de amor e mais de escarnio e maldicir, as revisións de conceptos técnicos estilísticos como o partimen ou o dobre, a posta ó día no coñecemento da lírica epigonal tardomedieval, a revisitación do noso sistema literario do Medioevo á luz das teorías da Estética da Recepción e outras escolas modernas ou a ampliación dos comentarios dedicados ás obras en prosa de natureza historiográfica, xurídica e didáctica, entre moitas outras melloras levadas a cabo.

Ora ben, todo este proveitoso traballo desenvolvido por Xosé Ramón Pena non se ve acompañado pola edición material da obra, responsabilidade exclusiva da casa editora, que inseriu o presente volume na súa colección Estudos e Investigacións. Serie Maior, pouco agraciada no deseño de cubertas e menos vistosa aínda na maqueta interior, parca en ilustracións (unicamente as inevitables) nas que poder descansar os ollos,

cun corpo de letra ideal para liliputienses, absolutamente mareante.

Haberá que agardar que as futuras reedicións desta Historia da literatura medieval galego-portuguesa corrixan estas deficiencias editoras, que tan pouco favor fan a un traballo esencial como o acometido por Xosé Ramón Pena, a quen cómpre felicitar pola publicación da obra, dende xa unha referencia inescusable na historiografía crítica do medievalismo literario galego.